

## **NORMAS FUNCIONAMENTO ANPA “A FERRADURA”**

- Tralo aprobado en asemblea o pasado 30/03/2023, as actividades e servizos divídense en dous bloques, no bloque -1 só pode marcar un máximo de 3 actividades por alumno/a que non interfere o marcado no bloque-2
- Naquelas actividades ou servizos suxeitos a límite de prazas, a **admisión do alumnado** farase **SEGUNDO A DATA DE ENTREGA DA INSCRICIÓN. No caso de enviar varias inscricións ou modificacións, tomarase como válida a última, sendo a data desta a que prevalece na orde de inscrición.**
- Para participar nas actividades ou servizos organizados por esta asociación, tanto na modalidade de **fixos como de esporádicos é obrigatorio pagar a cota anual de inscrición e o seguro escolar**, entregando a folla de inscrición debidamente cumprimentada.
- **O prazo límite** para formalizar as inscricións en actividades extraescolares e demais servizos organizados por esta ANPA para o vindeiro curso 2023-2024 e **do 22 de maio as 11:00h. ao 4 de xuño as 23:59h. de 2023**, pode facelo a través da páxina web da ANPA.
- O prazo para o alumnado de nova admisión coincidirá co prazo de matrícula no centro.
- **No caso de que algunha actividade non acadase o número mínimo de alumnado requirido para o seu funcionamento, procederíase á anulación da mesma.**
- As actividades cobraranse por adiantado **a principio de cada mes**, pasándose o cobro da primeira mensualidade a principio do mes de setembro.
- Non se admite modificación no inscrito ata setembro, pasando a cobro neste mes, todo o solicitado no prazo de inscrición.
- No caso da solicitude de **comedor**, terase en conta os días que se poñen na inscrición sen opción a cambio ata o segundo mes do inicio do mesmo, así como o aforo do recinto.
- Calquera modificación ou baixa nas actividades ou servizos, será comunicada nos **primeiros 15 días** do mes anterior o que causa a baixa, **por escrito**, cubrindo o impreso correspondente.
- **No caso de que o seu fillo/a teña algún tipo de alerxia, intolerancia, enfermidade, debe comunicalo no local da anpa e achegar o CERTIFICADO MÉDICO correspondente.**
- Madrugadores: debe **acompañar** o alumno/a ata o punto de recollida polo persoal da ANPA.
- Debe comunicar con antelación (por mail ou por teléfono) ás coordinadoras:
  - Ausencias ao comedor, ausencias a extraescolares
  - Cambio na persoa encargada da recollida d@nen@
- **No caso de non domiciliación**, deberase recoller cada mes o impreso de pago que se facilitará no local da ANPA Segundo o aprobado pola asemblea celebrada o 4/12/2013, lémbrese aos interesados que aqueles recibos devoltos durante o curso escolar e os recibos que non sexan domiciliados terán un recargo de 2 €
- **horario de recollida d@s nenos/as do comedor será de 15:00hs. A 16:00hs**